



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA Nº 218/21

Alcalde-Presidente
D. Julio Ignacio Iglesias Redondo

Asunto: BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 SUBALTERNOS/AS

A vista da Base 2.2. e da Base 3º da “ RESOLUCIÓN Nº 2020/42100 DE DATA 18 DE DECEMBRO DE 2020 POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA MODIFICAR AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021, DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE PERSOAL EN RISCO DE EXCLUSIÓN PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, INCLUÍDO NA LIÑA 1.1. DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2021” publicada no BOP nº 220 do Venres 23 de decembro de 2020.

Esta Alcaldía, en uso das súas competencias e máis concretamente segundo o exposto no Artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar as Bases específicas para a contratación laboral temporal de 2 subalternos/as, que son as que a continuación se transcriben.

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 SUBALTERNOS.

Primeira.-Obxecto

Ó abeiro da subvención outorgada pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña para PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021 mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia por importe de 86.000 €, ten por obxecto, entre outras, a contratación de 2 subalterno/as polo prazo de cinco meses a xornada parcial (25h/semana).

Segunda.- Selección

A selección terá lugar entre as persoas candidatas que se presenten mediante convocatoria pública a facer mediante anuncio nun xornal dos de maior tirada da comarca, de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

No proceso selectivo, valorarase como mérito finalizar favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas. A tal fin, terán que aplicar o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social, á que se fai referencia o punto seguinte de estas bases.

Terceira.-Requisitos do persoal para contratar.





As persoas a contratar **deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou no caso de existencia de listas de procesos anteriores, á data da convocatoria, e cumprir algunha das seguintes situacións de exclusión laboral:**

- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- e) Persoas en situación de drogodependencia
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero
- j) Persoas sen fogar

Tódolos requisitos anteriores deberán terse no momento de remata-lo prazo de admisión de solicitudes e conservarse, polo menos ata a data de formalización do contrato.

Cuarta.-Actividades a realizar polo persoal contratado.

O persoal contratado deberá realizar, exclusivamente, actividades relacionadas cos seguintes servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

Asímesmo, poderán executar pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos

Quinta.-Composición comisión seleccionadora.

A Composición da Comisión Seleccionadora se determinará por Resolución da Alcaldía o día da publicación de estas bases no xornal dos de maior tirada da comarca,.

Dita Comisión Seleccionadora, tendo en conta os criterios establecidos nestas Bases: cumprir algún dos criterio indicados no punto terceiro de estas bases e a idoneidade para o desempeño das tarefas a desenvolver segundo a base Cuarta, avaliará cada unha das solicitudes e efectuará unha entrevista cos aspirantes a efectos de levar a cabo a selección, propoñendo na súa virtude os aspirantes aprobados así como unha relación de suplentes por orde de puntuación.

Sexta.-Presentación de solicitudes.

Os aspirantes **disporán dun prazo de 10 días naturais** contados desde o seguinte día da publicación da convocatoria nun xornal dos de maior tirada da comarca. En cada solicitude deberase presentar o modelo de instancia que se adxunta como Anexo I destas bases, debidamente cumprimentado, e acreditar, se é o caso, as situacións que se lle son de aplicación aportando a seguinte documentación:

- Os cartóns ou informes acreditativos de que as persoas para contratar son **demandantes de emprego**, debidamente actualizados.





- A documentación acreditativa da situación de exclusión de cada persoa traballadora:

<i>Mulleres e persoas maiores de 45 anos</i>	Fotocopia DNI
<i>Persoas desempregadas de longa duración (máis de 2 anos)</i>	Tarxeta de demandante de Emprego debidamente actualizada. Informe de vida laboral actualizado.
<i>Persoas con discapacidade</i>	Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente.
<i>Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ningún dos seus membros teña emprego, fogar monoparenta/monomarental ou persoas sen fogar; vítimas de violencia de xénero.</i>	Informe dos servizos sociais municipais.
Mérito : <i>Ter rematados favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas (obradoiros de emprego, plans integrados de emprego,...)</i>	Certificado acreditativo de ter rematada a formación

Presentadas as instancias elaborárase mediante Resolución da Alcaldía un listaxe provisional de aspirantes e de excluídos indicando o motivo da súa exclusión e facilitando a estes un prazo de **3 días naturais** para que puidesen emendar as deficiencias detectadas na súas solicitudes e así acordar e publicar a listaxe de aspirantes definitivo.

As persoas que figuren na listaxe de aspirantes definitiva, presentaranse no día e hora sinalados por Resolución da Alcaldía diante da Comisión Seleccionadora para manter unha entrevista persoal, na que se avaliará a súa adecuación ó posto, en función dos criterios fixados no punto terceiro e quinto destas bases.

Sétima.- Proposta de contratación.

Concluída a cualificación do proceso de selección, a Comisión publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal a relación de todas as persoas aspirantes coa puntuación final.

A comisión seleccionadora elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que obtiveron a puntuación total máis alta (a Comisión non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas ou propostas posteriormente e na categoría das mesmas).

Oitava.- Formalización do contrato.

O órgano competente da corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as pola Comisión Seleccionadora, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do **prazo de cinco días naturais**, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación. Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.





Novena.-Renuncias ou substitucións.

No caso de extinción da relación laboral dalgũa persoa traballadora por causas alleas ao concello, ou por non ter superado o periodo de proba establecido, poderase contratar a outrapersoa que reúna os requisitos do programa. Comunicarase á Deputación o dito cambio, que non suporá variación na cantidade concedida, e achegarase a documentación acreditativa da situación do novo/a traballador/a a contratar.

Neste suposto excepcional, o concello deberá comunicalo de inmediato á Deputación, procederá a contratar a outra persoa que reúna os requisitos do programa e presentará no expediente a documentación acreditativa da situación da nova persoa aspirante a contratar.

En ambos casos (renuncia ou substitución), procederase a designar os aspirantes pola orde de puntuación obtida na selección sen necesidade de nova selección, o novo contrato estenderase polo prazo que quede para remátalo prazo da relación contractual.

Décima.- Obrigas e Compromisos.

- O concello poderá realizar a contratación do persoal a través do Servizo Público de Emprego ou convocando o seu propio proceso selectivo de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

No proceso selectivo, valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas..

- O concello deberá contratar aos traballadores por unha xornada mínima semanal de 25 horas ou a permitida pola lexislación laboral segundo o grao da discapacidade dos mesmos.

- O concello deberá declarar que os gastos imputados nesta convocatoria non son cofinanciados por outra axuda, tanto da Deputación, en especial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+", como de calquera outra entidade pública.

- Os concellos deberán facilitar ás persoas contratadas o seguinte:

a) Vestimenta de traballo na que figure que o proxecto é subvencionado pola Deputación mediante a impresión na mesma dos logotipos do Plan de Emprego Local e da Deputación, dispoñibles na web <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-pel/>.

b) A formación prevista en materia de prevención de riscos laborais pola lexislación laboral vixente

- O concello comprométese a publicitar a achega provincial e a facer constar o financiamento da Deputación provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet.

- O concello deberá autorizar á Deputación para obter as certificacións correspondentes da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e da Tesourería Xeral da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade atópase ao corrente nas súas obrigas.

Os concellos estarán obrigados a facilitar aos servizos da Deputación Provincial toda a información que se lles demande en relación co Programa.





Undécima.-Réxime xurídico aplicable

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, será de aplicación o Real Decreto Legislativo 2/2015, de 25 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e supletoriamente o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto básico do empregadopublico e a lei 2/2015 do 29 de abril, do empregopublico de Galicia, a Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ANEXO I





SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 SUBALTERNO/AS

D/Dª. _____ con DNI nº _____ e
enderezo _____ a efectos de notificación en R/
_____ da localidade de _____
_____, provincia de _____, con número de teléfono de contacto
_____.

En virtude da convocatoria emitida por este Concello para a provisión en réxime laboral temporal de 2 subalterno/as do PEL- CONCELLOS REACTIVA 2021 mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais.

_____ **MANIFESTA (marcar cunha X)** que reúne todas e cada unha das condicións de acceso ao proceso de selección e polo tanto,

SOLICITA se teña por presentado este escrito en tempo e forma, e se me declare admitido/a para formar parte en calidade de aspirante no proceso: **DOUS SUBALTERNOS/AS**

En _____ a ____ de _____ de 2021.

Asdo: _____

DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA :

- _____ Fotocopia de DNI
- _____ Tarxeta de demandante de emprego.

Obrigatorio achegar a documentación que acredite que está incurso/a nalgunha das situacións numeradas : **MARCAR**

	<i>Persoas desempregadas de longa duración (máis de 2 anos)</i>	Informe/ histórico como demandante emprego Informe de vida laboral actualizado.
	<i>Persoas con discapacidade</i>	Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente.
	<i>Persoas en situación de drogodependencia, Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, Persoas con fogar no que ningún dos seus membros teña emprego, Fogar monoparenta/monomarental Persoas sen fogar; Vítimas de violencia de xénero.</i>	Informe dos servizos sociais municipais.
	Mérito : <i>Ter rematados favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas (obradoiros de emprego, plans integrados de emprego,...)</i>	Certificado acreditativo de ter rematada a formación.





CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

Segundo.- Proceder a facer pública esta convocatoria mediante anuncio nun xornal dos de maior tirada da comarca, de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

Terceiro.- A presente resolución pasará a ratificación na próxima Xunta Municipal de Goberno que se celebre.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares a, catro de maio de dous mil vinte e un , e do que eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE

**D.S.M.
O SECRETARIO**



Cod. Validación: A4GTAZLQRZHYQ99ESMKPHEWMD | Corrección: <https://ares.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7